



CONCURSO INFANTIL DE POSTAIS DE NADAL

O Concello de Vimianzo convoca o Concurso Infantil de Postais de Nadal, que se rexerá polas seguintes **BASES:**

1- Poderán participar todos os nenos e nenas de Educación Infantil e Educación Primaria.

2- O tema dos debuxos será **"Vive o Nadal en Vimianzo"**

3- A técnica será libre exceptuando as purpurinas, algodóns e as tintas metálicas que non serán admitidas.

4- As dimensións máximas do soporte serán 210 x297 mm (A4). O formato da imaxe será libre sempre e cando estea contido dentro do **formato A4 e por unha soa cara.**

5- Non se admitirán os traballos que veñan pregados.

6- No reverso da obra indícarase: título do traballo, nome e apelidos do autor ou autora, idade, teléfono familiar, curso e nome do Centro escolar.

7- Non se admitirán traballos que veñan sen asinar ou os que acheguen os datos noutro lugar diferente ao especificado na cláusula anterior.

8- Establécense catro categorías:

Categoría A: nenos e nenas de 4°, 5° e 6° Educación Infantil

Categoría B: nenos e nenas de 1° e 2° Educación Primaria

Categoría C: nenos e nenas de 3° e 4° Educación Primaria

Categoría D: nenos e nenas de 5° e 6° Educación Primaria

9- Estableceranse **dous premios en cada categoría** consistentes en material didáctico ou libros de lectura.

10- **Os traballos serán entregados na Casa da Cultura de Vimianzo de luns a venres de 10:00 h. a 20:00 h. e os sábados de 10 a 13:00 horas.**

11- Entre os debuxos premiados o Concello seleccionará a postal de Nadal que se utilizará para felicitar o Nadal 2024.

12- O fallo do xurado darase a coñecer o 20 de decembro e a entrega de premios realizarase ese mesmo día nun acto público na Casa da Cultura.

13- Todos os debuxos presentados serán expostos na Sala de Exposicións Antón Mouzo da Casa da Cultura.

14- **O prazo de presentación de traballos ábrese o 25 de novembro e remata o 19 de decembro de 2024.**

15- O xurado será designado pola Alcaldía e o seu fallo será inapelable.

16- A participación no concurso supón a aceptación das presente bases.

info: www.vimianzo.gal

Vimianzo, 21 novembro de 2024

